Pola súa parte, a ONCE reforzará o apoio técnico e material ás familias, ofrecerá formación específica ao profesorado e desenvolverá actividades de sensibilización nos centros para dar visibilidade á realidade das persoas con discapacidade visual.

Este acordo enmárcase na firme aposta da Xunta por unha escola inclusiva, sustentada na Estratexia de inclusión educativa 2030, e que fai posible que Galicia sexa hoxe a comunidade con maior inclusión do Estado, cun 93 % do alumnado con necesidades educativas especiais escolarizado en centros ordinarios, fronte ao 85,2 % da media nacional. Un modelo que conta co traballo diario de preto de 5.000 profesionais dedicados á atención á diversidade.

Tendo en conta a relevancia deste convenio, o seu impacto directo na calidade educativa e o reforzo que supón para a igualdade de oportunidades, resulta oportuno coñecer con máis detalle as súas liñas de actuación, a previsión de execución e os mecanismos de seguimento previstos.

Por todo isto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cal é o alcance do convenio renovado entre a Xunta de Galicia e a ONCE para garantir a plena inclusión educativa do alumnado con discapacidade visual en Galicia?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Julio García Comesaña na data 07/01/2026 13:52:45
José Luis Ferro Iglesias na data 07/01/2026 13:52:59
Cecilia Vázquez Suárez na data 07/01/2026 13:53:10
Patricia García González na data 07/01/2026 13:53:21
Víctor Baladrón Lamas na data 07/01/2026 13:53:35
Rubén Lorenzo Gómez na data 07/01/2026 13:53:46
Carmen Pomar Tojo na data 07/01/2026 13:53:57
María Felisa Rodríguez Carrera na data 07/01/2026 13:54:07
Raúl Santamaría González na data 07/01/2026 13:54:18



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/01/2026 13:54:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2026 13:54:41
Nº Rexistro: 44340
Data envío: 07/01/2026 13:54:41.153

CSV: BOPGDSPG-9YYeScmwo-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44342
Data envío: 07/01/2026 14:00:30.091

Asinado o día 07/01/26
13:58
Por Cecilia Vázquez

Á Mesa do Parlamento

Julio García Comesaña, José Luis Ferro Iglesias, Cecilia Vázquez Suárez, Patricia García González, Víctor Baladrón Lamas, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera e Raúl Santamaría González, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura.**

O Presidente da Xunta de Galicia anunciou o pasado 15 de xullo, tras o Consello da Xunta, a posta en marcha do programa Activa I+G+i, a primeira gran iniciativa de axudas do novo Plan galego de investigación e innovación 2025-2027, cun investimento inicial de case 53 millóns de euros. Este programa, cofinanciado con fondos europeos (Galicia Feder 2021-2027), busca fomentar a transferencia de coñecemento e consolidar unha I+D+i colaborativa e orientada ao tecido produtivo galego, promovendo a cooperación entre empresas, centros tecnolóxicos e universidades.

Asinado o día 07/01/2026 ás
13:58
Por José Luis Ferro Iglesias

O novo Plan galego está dotado con máis de 1.300 millóns de euros ata 2027, e só con esta primeira convocatoria espérase mobilizar máis de 100 millóns de euros en recursos público-privados.

O programa estrutúrase arredor de catro convocatorias:

- Nexos, con 28 M€, a máis ambiciosa da historia nesta liña, orientada a apoiar 50 proxectos colaborativos entre pemes e centros de coñecemento, en ámbitos estratéxicos.
- Unidades mixtas de investigación, cun orzamento de 12 M€, que permitirá crear novas unidades e consolidar as xa existentes, esixindo neste caso a participación obrigatoria dunha peme.
- Fortalecemento de centros tecnolóxicos, con 9,75 M€, que apoiará investimentos en infraestruturas e equipamentos de investigación, tamén

Asinado o día 07/01/2026 ás
13:58
Por Julio García Comesaña

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44342
Data envío: 07/01/2026 14:00:30.091

con novidades como a posibilidade de financiar obras en espazos xa equipados.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-9YYeScmwo-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



- Recuperación da excelencia Neotec, con 3 M€, destinada a apoiar empresas que superaron os limiares do programa estatal Neotec pero non recibiron financiamento, garantindo así a continuidade de proxectos altamente innovadores.

Desde 2014, só a liña de unidades mixtas permitiu crear ou consolidar 54 consorcios estratéxicos, con máis de 830 empregos xerados e 152 M€ mobilizados, con exemplos de éxito como o Centro Mixto UDC-Navantia ou o proxecto CIGAT Circular de Viaqua-Cetaqua.

Estas medidas sitúan a Galicia como referente no impulso da innovación aplicada, facilitando que a ciencia galega reverta directamente no tecido económico, na competitividade das empresas e no benestar da sociedade.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Cal é o alcance e a planificación do programa Activa I+G+i aprobado pola Xunta no marco do Plan galego de investigación e innovación 2025-2027?
- 2.- Que impacto se agarda da súa implementación sobre a transferencia de coñecemento, a cooperación público-privada e sobre a xeración de proxectos innovadores en Galicia?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Julio García Comesaña na data 07/01/2026 13:58:35
José Luis Ferro Iglesias na data 07/01/2026 13:58:47
Cecilia Vázquez Suárez na data 07/01/2026 13:58:58
Patricia García González na data 07/01/2026 13:59:08
Víctor Baladrón Lamas na data 07/01/2026 13:59:18
Rubén Lorenzo Gómez na data 07/01/2026 13:59:31
Carmen Pomar Tojo na data 07/01/2026 13:59:45
María Felisa Rodríguez Carrera na data 07/01/2026 14:00:01
Raúl Santamaría González na data 07/01/2026 14:00:12



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/01/2026 14:00:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44342
Data envío: 07/01/2026 14:00:30.091

CSV: BOPGDSPG-9YYeScmwo-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44351
Data envío: 07/01/2026 16:18:54.573

Asinado o día 07/01/26
16:16
Por Raquel Arias Rod

Á Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, María Encarnación Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e María Magdalena Pérez Millares, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

Un dos retos da nosa Comunidade é facer fronte ao mantemento con éxito do noso tecido produtivo. É sabido como moitos negocios de persoas traballadoras autónomas se encontran en situacións complexas, nas cales a súa continuidade pende da necesidade de remuda xeracional. Neste respecto, son numerosas as iniciativas postas en marcha por parte da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración que buscan, precisamente, reforzar a competitividade e a devandita remuda dos negocios para afianzar a xeración de riqueza e emprego en Galicia.

A estes efectos unha iniciativa de grande interese á convocatoria de axudas no marco do denominado Bono Remuda para o fomento da remuda xeracional de negocios galegos. Unha liña de apoios cuxo obxecto é facilitar que as persoas interesadas en emprender teñan a posibilidade de recoller a testemuña dun negocio xa viable economicamente que pecha por xubilación, incapacidade ou falecemento da persoa titular.

O emprego autónomo ofrece a oportunidade, mellor que ningunha outra fórmula, para deseñar un itinerario profesional á medida das necesidades e circunstancias da persoa traballadora. O Bono Remuda pretende favorecer deste xeito a consolidación do emprego autónomo e contribuír á fixación de poboación no rural, apoiando ás persoas que continúen coa actividade económica. É evidente que, co mantemento de negocios nas diferentes contornas tamén se beneficia o conxunto da cidadanía, que comproba como os negocios perduran e seguen tendo ao seu alcance multitude de servizos e produtos.

Desde o Grupo Popular, cremos necesariamente na motivación de todas aquelas iniciativas cuxo fin estea na consolidación da actividade deste colectivo prioritario e clave na creación de emprego estable e de calidade, que contribúa de maneira decisiva a que Galicia acade maiores niveis de desenvolvemento económico, de benestar social e de cohesión no territorio. De aí a prioridade de adoptar políticas que promovan un modelo de desenvolvemento económico que favoreza a capacidade creativa e emprendedora da sociedade galega, como fonte de riqueza e como elemento esencial para o crecemento, a competitividade e a modernización do noso tecido produtivo.

Asinado o día 07/01/2026 ás 16:16
Por María Encarnación Amigo Díaz

Asinado o día 07/01/2026 ás 16:15
Por Noelia Pérez López

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Certamente, esta medida trátase dunha máis dentro das moitas postas en práctica polo Goberno galego en favor do seu compromiso coas persoas traballadoras autónomas e emprendedoras para facer de Galicia unha terra de oportunidades, obxecto co cal estamos totalmente aliñados.

É polo que, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulan as seguintes preguntas:

1. Que valoración fai o Goberno galego do impacto do Bono Remuda na nosa Comunidade?
2. Que obxectivos persegue esta iniciativa respecto da xeración de emprego estable e de calidade?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 07/01/2026 16:15:44

María Encarnación Amigo Díaz na data 07/01/2026 16:16:22

Raquel Arias Rodríguez na data 07/01/2026 16:16:47

Víctor Baladrón Lamas na data 07/01/2026 16:16:54

Nicole Grueira Fernández na data 07/01/2026 16:17:03

Dolores Hermelo Piñeiro na data 07/01/2026 16:17:10

Argimiro Marnotes Fernández na data 07/01/2026 16:17:20

Maria Magdalena Perez Millares na data 07/01/2026 16:17:26



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/01/2026 16:18:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44351
Data envío: 07/01/2026 16:18:54.573

CSV: BOPGDSPG-9YYeScmwo-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44353
Data envío: 07/01/2026 16:36:02.437

Asinado o día 07/01/26
16:32
Por Raquel Arias Rod

Á Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, María Encarnación Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e María Magdalena Pérez Millares, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

O 19 de xuño de 2024, a Asemblea Xeral da ONU adoptou unha resolución na que proclamaba 2025 como o Ano Internacional das Cooperativas. Baixo o lema “As cooperativas constrúen un mundo mellor”, Nacións Unidas pretende poñer o foco no modelo cooperativo como solución fundamental a numerosos retos a nivel mundial, destacando a súa importancia para acelerar o traballo por alcanzar os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) no ano 2030.

As cooperativas, con máis de 2.049 entidades na actualidade, son un modelo firmemente consolidado na estrutura económica de Galicia, xa que teñen un volume de negocio superior a 3.500 millóns de euros. Representa un pilar fundamental na economía ou sector dos coidados, a educación, entre outros, e tamén para o asentamento da poboación no medio rural, onde actualmente se contabilizan máis de 300 cooperativas agroalimentarias en activo, que facturan máis de 2.400 millóns de euros, o 70% do que factura todo o sector cooperativo. Ademais, son esenciais dentro do modelo de Economía Social, que supón máis do 7% do Produto Interior Bruto (PIB) de Galicia e xera un impacto social anual superior aos 850 millóns de euros

Máis a súa contribución á actividade económica e ao emprego vai máis alá destas cifras. Ademais da proximidade, o valor engadido e diferenciador dos seus produtos, o seu compromiso coa base social e coa comunidade, destacan pola estabilidade no emprego. En xeral, as cooperativas ofrecen maior estabilidade laboral respecto doutro tipo de organizacións e contribúen a crear emprego en segmentos da poboación activa con maiores dificultades de inserción laboral, como maiores de 55 anos, mulleres, persoas mozas, con discapacidade ou en risco de exclusión social.

Neste contexto, o goberno galego leva anos impulsando o diálogo, a coordinación e a colaboración entre todos os actores da Economía Social e adoptando medidas para promover o cooperativismo como motor de crecemento sustentable de Galicia.

Asinado o día 07/01/2026 ás 16:32
Por María Encarnación Amigo
Díaz

Asinado o día 07/01/2026 ás
16:31
Por Noelia Pérez López

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



É polo que, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulan a seguinte pregunta:

1. Que balance fai o goberno galego das medidas, accións e programas postos en marcha para facilitar o emprendemento cooperativo na nosa Comunidade?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 07/01/2026 16:31:49
María Encarnación Amigo Díaz na data 07/01/2026 16:32:23
Raquel Arias Rodríguez na data 07/01/2026 16:32:59
Víctor Baladrón Lamas na data 07/01/2026 16:33:22
Nicole Grueira Fernández na data 07/01/2026 16:33:47
Dolores Hermelo Piñeiro na data 07/01/2026 16:33:57
Argimiro Marnotes Fernández na data 07/01/2026 16:34:06
Maria Magdalena Perez Millares na data 07/01/2026 16:34:11



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/01/2026 16:36:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44353
Data envío: 07/01/2026 16:36:02.437

CSV: BOPGDSPG-9YYeScmwo-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44355
Data envío: 07/01/2026 16:49:22.322

Asinado o día 07/01/26
16:45
Por Raquel Arias Rod

Á Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, María Encarnación Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e María Magdalena Pérez Millares, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

O 20 de novembro de 2024 publicouse no Boletín Oficial do Estado (BOE) o Real Decreto 1155/2024, de 19 de novembro, que aproba o Regulamento da Lei Orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social. Este regulamento entrará en vigor en maio de 2025.

Este novo Real Decreto derroga o Real Decreto 629/2022, de 26 de xullo, que introducira unha necesaria actualización da normativa migratoria vinculada ao ámbito laboral. Entre os seus obxectivos destacábanse:

- Corrixir o desfasamento da normativa para cubrir as necesidades e desaxustes do mercado de traballo actual.
- Simplificar os procedementos administrativos que dificultaban ás empresas a contratación de persoas traballadoras por vías regulares.
- Introducir novas posibilidades, como as accións formativas de curta duración (microcredenciais) e o arraigo para a formación, que permitían ás persoas migrantes en situación irregular regularizar a súa situación a través da formación.

Ao abeiro desta normativa, a Xunta de Galicia desenvolveu tres proxectos piloto que lograron resultados notables: o 100% dos participantes obtiveron autorizacións de residencia e o 70% delas foron combinadas con autorizacións de traballo, cun impacto positivo no mercado laboral galego.

Con todo, o novo Real Decreto 1155/2024 elimina a vía das microcredenciais como unha opción para o arraigo a través da formación. Esta decisión ignora a realidade de moitas persoas en situación irregular que desexan traballar e as obriga a recorrer a autorizacións máis limitadas, como o arraigo laboral e social. Ademais, esta eliminación contradí a Recomendación do Consello de Europa do 16 de xuño de 2022, que subliña a importancia das microcredenciais para unha aprendizaxe permanente, máis flexible e adaptada ás necesidades das persoas.

Asinado o día 07/01/2026 ás 16:45
Por María Encarnación Amigo Díaz

Asinado o día 07/01/2026 ás 16:45
Por Noelia Pérez López

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Dita recomendación destaca, ademais, que as microcredenciais son unha ferramenta clave para promover a inclusión e a accesibilidade á formación, especialmente en colectivos como persoas migrantes e refuxiadas. Tamén se fai fincapé na necesidade de desenvolver estratexias que permitan integrar eficazmente estes grupos nos sistemas de educación, formación e emprego, dada a previsión de aumento de persoas refuxiadas e solicitantes de asilo.

A Xunta de Galicia, consciente da importancia da poboación migrante para abordar o reto demográfico e cubrir as vacantes laborais en sectores con escaseza de man de obra (como a agricultura, a construción ou a hostalería), presentou alegacións durante o trámite de información pública do proxecto deste Real Decreto. Estas alegacións, ignoradas polo Goberno de España, destacaban:

- A necesidade de reducir a fenda entre as competencias adquiridas pola poboación migrante e as demandas do mercado laboral.
- A importancia de axustar as ofertas formativas ás circunstancias vitais das persoas en situación irregular como unha vía para a súa regularización.
- A urxencia de atender as demandas do tecido produtivo galego e os continuos cambios no mercado laboral.

É polo que, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulan a seguinte pregunta:

1. Que valoración fai o Goberno galego da decisión de eliminar a vía formativa das microcredenciais como unha das posibilidades do arraigo para a formación?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 07/01/2026 16:45:31
María Encarnación Amigo Díaz na data 07/01/2026 16:45:42
Raquel Arias Rodríguez na data 07/01/2026 16:45:55
Víctor Baladrón Lamas na data 07/01/2026 16:47:21
Nicole Grueira Fernández na data 07/01/2026 16:47:29
Dolores Hermelo Piñeiro na data 07/01/2026 16:47:35
Argimiro Marnotes Fernández na data 07/01/2026 16:47:52
Maria Magdalena Perez Millares na data 07/01/2026 16:47:57



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/01/2026 16:49:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44355
Data envío: 07/01/2026 16:49:22.322

CSV: BOPGDSPG-9YYeScmwo-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44358
Data envío: 07/01/2026 17:00:36.664

Asinado o día 07/01/26
16:58
Por Raquel Arias Rod

Á Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, María Encarnación Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e María Magdalena Pérez Millares, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

O 1 de xaneiro de 2025 rematou o prazo de transposición da Directiva Europea 220/285, que introduce o réxime do *IVE franquado* no que respecta as pequenas empresas. Esta normativa, deseñada para aumentar a competitividade de autónomos e pemes, exime do pago do IVE a aqueles que facturen menos de 85.000 euros anuais, eliminando así unha carga administrativa e fiscal significativa. Gracias a esta directiva, aqueles autónomos con ingresos inferiores a ese limiar poderían escoller entre o réxime xeral do IVE ou acollerse ao novo réxime de franquía, o que lles permitiría non liquidar o IVE trimestral nin anualmente, nin emitir facturas con IVE.

Unha medida de calado en Galicia onde o sector representa preto do 20% das afiliacións, case 4 puntos por enriba da media nacional. Publicada no Diario Oficial da Unión Europea o 2 de marzo de 2020, a directiva fixaba o 31 de decembro de 2024 como data límite para a súa transposición, deixando ademais aos Estados membros a posibilidade de axustar o limiar de 85.000€ ou limitar a súa aplicación a sectores concretos.

Porén, mentres que noutros países da UE esta medida xa está en marcha, en España segue pendente de aprobación, como consecuencia da falta do vontade do Goberno que preside Pedro Sánchez e da súa obsesión recadatoria. Esta circunstancia levou á Federación Nacional de Asociacións de Autónomos (ATA) a denunciar ao Executivo español diante da Comisión Europea.

É polo que, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulan a seguinte pregunta:

Que valoración fai o Goberno galego do impacto para os autónomos e pemes de Galicia da non transposición do Goberno de España da Directiva Europea 220/285, que introduce o réxime do *IVE franquado*?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2027

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado o día 07/01/2026 ás 16:58
Por María Encarnación Amigo Díaz

Asinado o día 07/01/2026 ás 16:58
Por Noelia Pérez López



Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 07/01/2026 16:58:07
María Encarnación Amigo Díaz na data 07/01/2026 16:58:22
Raquel Arias Rodríguez na data 07/01/2026 16:58:32
Víctor Baladrón Lamas na data 07/01/2026 16:58:41
Nicole Grueira Fernández na data 07/01/2026 16:58:52
Dolores Hermelo Piñeiro na data 07/01/2026 16:58:58
Argimiro Marnotes Fernández na data 07/01/2026 16:59:08
Maria Magdalena Perez Millares na data 07/01/2026 16:59:14



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/01/2026 17:00:37



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44358
Data envío: 07/01/2026 17:00:36.664

CSV: BOPGDSPG-9YYeScmwo-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44361
Data envío: 07/01/2026 17:14:56.014

Asinado o día 07/01/26
17:11
Por Raquel Arias Rod

Á Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, María Encarnación Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e María Magdalena Pérez Millares, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

A seguridade e saúde laboral é un aspecto fundamental para garantir o benestar da poboación traballadora e reducir a sinistralidade nos distintos sectores produtivos de Galicia. Neste sentido, o Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA) xoga un papel clave na promoción da prevención de riscos laborais e na mellora das condicións de traballo en colaboración cos distintos axentes sociais.

Neste contexto, aprobouse o Plan de actuación 2025 do ISSGA, unha folla de ruta que inclúe 26 campañas de sensibilización e un total de 350 actuacións de asesoramento técnico. Este plan, elaborado no marco do diálogo social, céntrase en sectores de alta sinistralidade como a industria conserveira, a xestión de residuos e os talleres de reparación de vehículos, incorporando tamén medidas específicas para mellorar a seguridade no sector pesqueiro, no agrario e no forestal.

Ademais, o plan busca abordar os riscos emerxentes derivados da evolución tecnolóxica, demográfica e das novas formas de organización do traballo, con especial atención aos riscos psicosociais. Dentro desta estratexia, destaca tamén a formación en prevención de riscos, coa previsión de chegar a 4.000 persoas.

É polo que, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulan as seguintes preguntas:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia sobre o impacto do Plan de actuación 2025 do ISSGA na redución da sinistralidade laboral?
2. Que valoración fai da mellora na prevención de riscos nos sectores produtivos galegos?
3. Que sectores produtivos están a ser obxecto de programas específicos de prevención no marco do Plan de actuación 2025 do ISSGA?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2026

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado o día 07/01/2026 ás
17:11
Por Noelia Pérez López



Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 07/01/2026 17:11:05
María Encarnación Amigo Díaz na data 07/01/2026 17:11:15
Raquel Arias Rodríguez na data 07/01/2026 17:11:25
Víctor Baladrón Lamas na data 07/01/2026 17:11:34
Nicole Grueira Fernández na data 07/01/2026 17:11:49
Dolores Hermelo Piñeiro na data 07/01/2026 17:11:56
Argimiro Marnotes Fernández na data 07/01/2026 17:12:06
Maria Magdalena Perez Millares na data 07/01/2026 17:12:11



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/01/2026 17:14:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44361
Data envío: 07/01/2026 17:14:56.014

CSV: BOPGDSPG-9YYeScmwo-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44362
Data envío: 07/01/2026 17:19:49.571

Asinado o día 07/01/26
17:18
Por Raquel Arias Rod

Á Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, María Encarnación Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e María Magdalena Pérez Millares, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

A igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no acceso ao emprego é un principio fundamental para o desenvolvemento dunha sociedade xusta e equitativa. A pesar dos avances das últimas décadas, a presenza feminina en determinados sectores económicos tradicionalmente masculinizados segue sendo baixa. Isto reflicte a persistencia de barreiras estruturais, culturais e sociais que dificultan a incorporación das mulleres a estes ámbitos laborais.

Neste sentido, o Goberno galego leva anos lexislando e desenvolvendo medidas para avanzar cara a igualdade laboral e impulsar a presenza feminina en sectores tradicionalmente masculinizados. O obxectivo é dobre: concienciar ás mulleres para que escollan as súas profesións en base ás súas motivacións persoais, libres de prexuízos, e fomentar que a sociedade e o mundo empresarial promocionen ás persoas traballadoras en función das súas aptitudes e capacidades.

Entre as medidas adoptadas destacan: a promoción e adaptación dos espazos de traballo, axudas en materia de conciliación e incentivos para a contratación de mulleres, o programa Galicia Emprega Muller. Outro eixo de actuación foi a formación deseñada especificamente para favorecer e capacitación das mulleres, co fin de dotalas das competencias e habilidades necesarias para acceder a postos de traballo en sectores con baixa representación feminina e desenvolver unha conciencia libre de estereotipos de xénero e de prexuízos respecto das profesións.

Dentro deste marco, a iniciativa *Que non te lien, ti elixes*, busca orientar profesionalmente ás mozas para que se sintan seguras elixindo estudos en sectores onde a súa presenza é minoritaria. Tendo en conta que é fundamental avaliar o impacto destas accións, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia formulan a seguinte pregunta:

1. Como valora o Goberno galego os resultados do programa ``Que non te lien, ti elixes`` e que obxectivos se pretenden alcanzar nesta quinta edición?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2026

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado o día 07/01/2026 ás 17:18
Por María Encarnación Amigo Díaz

Asinado o día 07/01/2026 ás 17:18
Por Noelia Pérez López



Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 07/01/2026 17:18:08

María Encarnación Amigo Díaz na data 07/01/2026 17:18:16

Raquel Arias Rodríguez na data 07/01/2026 17:18:25

Víctor Baladrón Lamas na data 07/01/2026 17:18:35

Nicole Grueira Fernández na data 07/01/2026 17:18:50

Dolores Hermelo Piñeiro na data 07/01/2026 17:19:00

Argimiro Marnotes Fernández na data 07/01/2026 17:19:10

Maria Magdalena Perez Millares na data 07/01/2026 17:19:16



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/01/2026 17:19:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44362
Data envío: 07/01/2026 17:19:49.571

CSV: BOPGDSPG-9YYeScmwo-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44364
Data envío: 07/01/2026 17:28:48,598

Asinado o día 07/01/26
Por María Encarnación
Díaz

Á Mesa do Parlamento

Nicole Grueira Fernández, Noelia Pérez López, María Encarnación Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Manuel Baladrón Lamas, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e María Magdalena Pérez Millares, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

A igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no acceso ao emprego é un principio fundamental para o desenvolvemento dunha sociedade xusta e equitativa. A pesar dos avances das últimas décadas, a presenza feminina en determinados sectores económicos tradicionalmente masculinizados segue sendo baixa. Isto reflicte a persistencia de barreiras estruturais, culturais e sociais que dificultan a incorporación das mulleres a estes ámbitos laborais.

A situación laboral da mocidade é un dos principais retos sociais e económicos tanto en Galicia como no conxunto de España. A transición cara ao mercado de traballo segue a representar un desafío para a poboación nova, especialmente en termos de estabilidade, calidade do emprego e oportunidades de desenvolvemento profesional.

Nos últimos tempos, Galicia amosa unha evolución positiva nos indicadores vinculados á empregabilidade xuvenil, situándose por riba da media estatal en certos aspectos.

Esta tendencia, aínda que é alentadora, require de continuidade, seguimento e reforzo para garantir un bo futuro para as novas xeracións. Neste contexto, resulta oportuno coñecer o grao de implicación e esforzo do Goberno galego para consolidar e mellorar esta dinámica positiva, así como para facer fronte aos retos que aínda persisten.

É polo que, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulan a seguinte pregunta:

1. Que estratexias está a impulsar a Xunta de Galicia para mellorar e consolidar a empregabilidade da mocidade galega a medio e longo prazo?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2026

Asinado o día 07/01/2026 ás
17:26
Por Noelia Pérez López

Asinado o día 07/01/2026 ás
17:25
Por Nicole Grueira Fernández

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

Nicole Grueira Fernández na data 07/01/2026 17:25:07
Noelia Pérez López na data 07/01/2026 17:26:10
María Encarnación Amigo Díaz na data 07/01/2026 17:26:21
Raquel Arias Rodríguez na data 07/01/2026 17:26:31
Víctor Baladrón Lamas na data 07/01/2026 17:26:41
Dolores Hermelo Piñeiro na data 07/01/2026 17:26:51
Argimiro Marnotes Fernández na data 07/01/2026 17:27:00
Maria Magdalena Perez Millares na data 07/01/2026 17:27:06



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/01/2026 17:28:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44364
Data envío: 07/01/2026 17:28:48,598

CSV: BOPGDSPG-9YYeScmwo-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44366
Data envío: 07/01/2026 17:38:09.818

Asinado o día 07/01/26
17:35
Por Raquel Arias Rod

Á Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, María Encarnación Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e María Magdalena Pérez Millares, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

Galicia presenta actualmente un escenario moi positivo no mercado laboral. Con todo, o desemprego aínda afecta a un número significativo de persoas no noso territorio, e existen retos importantes para garantir unha inserción laboral estable e de calidade, especialmente para os colectivos máis vulnerables.

Neste contexto, a formación para o emprego convértese nunha ferramenta fundamental para continuar mellorando a empregabilidade e adaptar as competencias ás necesidades reais do mercado laboral galego. Por iso, a Xunta de Galicia abriu o prazo de solicitudes para as novas Accións Formativas para persoas desempregadas (AFD), cun orzamento de 50 millóns de euros, que supoñen un paso adiante na consolidación dun modelo formativo máis dinámico, flexible e orientado á realidade produtiva das empresas galegas.

É imprescindible coñecer como se está a garantir a adecuación destas accións formativas á demanda real das empresas e o seu impacto na inserción laboral das persoas beneficiarias, así como o compromiso da Administración para seguir avanzando nun modelo formativo efectivo que axude a reducir aínda máis o desemprego e a aumentar a calidade do emprego en Galicia.

É polo que, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulan a seguinte pregunta:

- 1.- Que valoración fai a Xunta de Galicia da convocatoria das novas Accións Formativas para persoas desempregadas e a súa capacidade para responder ás necesidades do mercado laboral galego?
- 2.- Que mecanismos se están a implementar para asegurar que a oferta formativa se adapte á realidade produtiva e favoreza a inserción laboral efectiva do alumnado?

Asinado o día 07/01/2026 ás 17:35
Por María Encarnación Amigo Díaz

Asinado o día 07/01/2026 ás 17:35
Por Noelia Pérez López

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





3.- Que criterios se aplican para garantir a participación das persoas desempregadas máis vulnerables e con maiores dificultades de acceso ao emprego nas accións formativas?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 07/01/2026 17:35:11
María Encarnación Amigo Díaz na data 07/01/2026 17:35:24
Raquel Arias Rodríguez na data 07/01/2026 17:35:39
Víctor Baladrón Lamas na data 07/01/2026 17:35:47
Nicole Grueira Fernández na data 07/01/2026 17:36:05
Dolores Hermelo Piñeiro na data 07/01/2026 17:36:12
Argimiro Marnotes Fernández na data 07/01/2026 17:36:19
Maria Magdalena Perez Millares na data 07/01/2026 17:36:24



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/01/2026 17:38:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44366
Data envío: 07/01/2026 17:38:09.818

CSV: BOPGDSPG-9YYeScmwo-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44371
Data envío: 07/01/2026 17:41:20.086

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Carlos López Font, deputada e deputado pertencentes ao Grupo **Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo**.

O mexillón galego é un produto emblemático da nosa economía mariña, recoñecido pola súa calidade, pola sustentabilidade do seu modelo produtivo e polo seu peso social e económico nas rías galegas. Galicia é líder europeo na produción de mexillón e concentra a práctica totalidade do cultivo existente no Estado español.

Porén, nos últimos anos, e de maneira especialmente significativa durante 2025, o sector mexilloeiro galego viuse gravemente afectado por unha conxunción de factores adversos. Aos peches prolongados das bateas por presenza de biotoxinas mariñas e aos problemas estruturais de falta de crecemento do mexillón, sumouse un incremento notable da presenza de mexillón importado no mercado galego e estatal, procedente fundamentalmente de países extracomunitarios.

O sector denuncia que esta entrada masiva de mexillón de fóra prodúcese, en moitos casos, aproveitando os períodos nos que a produción galega non pode comercializarse, ben por razóns sanitarias ou por non acadar tamaño comercial suficiente. Unha vez asentado no mercado, o mexillón importado mantense mesmo cando se reabre a extracción nas rías galegas, dificultando a recuperación do espazo comercial do produto propio e presionando os prezos á baixa.

Esta situación vese agravada pola falta de información clara e transparente sobre a orixe do mexillón que chega ás persoas consumidoras, especialmente na hostalaría, na restauración colectiva e nalgúns formatos de venda. Aínda

Asinado o día 07/01/2026 ás
17:39
Por Carlos López Font

Asinado o día 07/01/2026 ás
17:39
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

159103

28071 Madrid



que o etiquetado cumpra formalmente a normativa vixente, resulta insuficiente para garantir que a cidadanía poida identificar con claridade se está a consumir mexillón galego ou produto importado.

O resultado é unha competencia en condicións desiguais, que penaliza un sector sometido a esixentes controis sanitarios, a maiores custos produtivos e aos efectos crecentes do cambio climático, ao tempo que se pon en risco o prestixio e a viabilidade do mexillón galego.

As organizacións representativas do sector, e nomeadamente OPMEGA, reclaman unha actuación máis decidida da Xunta de Galicia na defensa do produto propio, no control da información ao consumidor e na análise do impacto real das importacións sobre os prezos e a rendibilidade do sector.

Por todo o anterior, resulta necesario que o Goberno galego asuma un papel activo na protección do mexillón galego, garantindo a transparencia no mercado e adoptando medidas coherentes coa importancia estratéxica desta actividade.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Ten a Xunta de Galicia avaliado o impacto que o incremento do consumo de mexillón importado, especialmente de terceiros países, está a ter sobre os prezos en primeira venda, a rendibilidade das bateas e a recuperación do mercado do mexillón galego tras os peches por biotoxinas?
2. Considera a Xunta de Galicia que a información que recibe actualmente a cidadanía sobre a orixe do mexillón que se consume en Galicia é





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44371
Data envío: 07/01/2026 17:41:20.086

suficiente e clara, especialmente na hostalaría e na restauración colectiva?

3. Que medidas concretas pensa adoptar para garantir a transparencia e evitar a confusión sobre a procedencia do produto?
4. Que actuacións está a levar a cabo a Xunta de Galicia para defender activamente o mexillón galego fronte á substitución por produto importado nos períodos nos que a produción propia se ve limitada por toxinas ou pola falta de crecemento, e por que non se están priorizando de forma efectiva os produtos galegos nas compras públicas?

Santiago de Compostela, a 7 de xaneiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

159105

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 07/01/2026 17:39:13

Carlos López Font na data 07/01/2026 17:39:19



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44371
Data envío: 07/01/2026 17:41:20.086

CSV: BOPGDSPG-9YYeScmwo-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/01/2026 17:41:20



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44371
Data envío: 07/01/2026 17:41:20.086

CSV: BOPGDSPG-9YYeScmwo-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44375
Data envío: 07/01/2026 17:59:08.819

Asinado o día 07/01/26
17:55
Por Raquel Arias Rod

Á Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, María Encarnación Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e María Magdalena Pérez Millares, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

As persoas traballadoras autónomas son unha peza fundamental do tecido económico e social de Galicia. Unha de cada cinco persoas ocupadas figura inscrita no Réxime Especial do Traballo Autónomo, o que representa preto do 20 % do total da poboación ocupada.

Xogan un papel insubstituíble na dinamización do rural, onde moitas veces son o único sostén da actividade económica. Son profesionais que, con esforzo e dedicación, manteñen vivo o emprego, dinamizan a economía local e contribúen ao equilibrio territorial.

Malia esta importancia, o colectivo de persoas autónomas enfróntase a numerosos obstáculos que dificultan a súa viabilidade e o seu crecemento. Entre os principais desafíos cómpre destacar a incerteza económica, marcada pola inflación, o encarecemento das materias primas e os constantes cambios no contexto normativo e fiscal, que dificultan a planificación a medio e longo prazo e obrigan a moitos autónomos a traballar nunha situación de constante risco. A isto súmase o incremento dos custos fixos, que están tensionando a rendibilidade de moitos negocios que ademais ven limitada a súa capacidade para repercutir eses aumentos nos prezos finais.

Tamén debemos ter en conta as dificultades para conciliar a vida profesional e persoal, especialmente no caso das mulleres autónomas, ou a presión fiscal e a burocracia, que constitúen outra carga engadida obrigándoos a restarlle tempo e recursos á actividade produtiva.

Por todo isto, é imprescindible que os diferentes gobernos, en todos os niveis institucionais, prioricen actuacións específicas de apoio ao colectivo autónomo, que co seu esforzo diario sostén unha parte fundamental da economía galega e tamén española. Non abonda con recoñecer a súa importancia: cómpre actuar con políticas útiles que faciliten o mantemento da actividade, a creación de emprego e a conciliación da vida persoal e profesional.

Asinado o día 07/01/2026 ás 17:55
Por María Encarnación Amigo Díaz

Asinado o día 07/01/2026 ás 17:55
Por Noelia Pérez López

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal



Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Neste senso, e buscando dar resposta ás necesidades actuais do sector para que poidan seguir xerando valor en Galicia, o Goberno galego ten adoptado nos últimos anos diversas medidas e puxo en marcha liñas de axuda dirixidas a fomentar o autoemprego, mellorar a competitividade, facilitar a contratación ou apoiar a conciliación.

É polo que, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulan a seguinte pregunta:

- 1.- Cales son as principais liñas de axuda que o Goberno galego ten actualmente en marcha para apoiar ás persoas traballadoras autónomas, e que obxectivos persegue cada unha delas?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 07/01/2026 17:55:20
María Encarnación Amigo Díaz na data 07/01/2026 17:55:27
Raquel Arias Rodríguez na data 07/01/2026 17:55:37
Víctor Baladrón Lamas na data 07/01/2026 17:55:49
Nicole Grueira Fernández na data 07/01/2026 17:56:07
Dolores Hermelo Piñeiro na data 07/01/2026 17:56:13
Argimiro Marnotes Fernández na data 07/01/2026 17:56:23
Maria Magdalena Perez Millares na data 07/01/2026 17:56:28



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/01/2026 17:59:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44375
Data envío: 07/01/2026 17:59:08.819

CSV: BOPGDSPG-9YYeScmwo-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 44381
Data envío: 07/01/2026 18:04:48,261

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Carlos López Font, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo**.

O cultivo do mexillón constitúe un dos piares fundamentais da economía mariña de Galicia, cun impacto decisivo no emprego, na cohesión social das zonas costeiras e na proxección internacional do noso sector acuícola.

Galicia é líder europeo e referente mundial na produción de mexillón, grazas a un modelo produtivo sostible que se desenvolve principalmente nas rías galegas a través das bateas.

Porén, o ano 2025 supuxo un ano especialmente negativo para o sector mexilloeiro galego, acumulando dificultades que veñen repetíndose nos últimos exercicios e que poñen en risco a viabilidade económica de centos de explotacións e o futuro dunha actividade estratéxica para o país.

